

TFGs: CURSO 2019/2020:

CALENDARIO FEBREIRO-MARZO 2020:

- **21/02/2020** Comisión de TFGs para a aprobación e publicación de:
 - **Listaxe provisoria de estudantes matriculados** que están pendentes de asignación e que poderán elixir preferencia na asignación de TFG. Esta listaxe disporá os estudantes por orde de elección.
 - **Oferta de TFGs** que integran a listaxe xeral da FEE para a elección.
- **26/02/2020 ás 14.30 h:** Remate do prazo para a **tramitación de TFGs bilaterais e prórrogas** polos estudantes e profesores. As prórrogas e os bilaterais presentaranse na Administración da facultade.
- **27/02/2020:** Comisión de TFGs para:
 - Aprobación das propostas de bilaterais e prórrogas.
 - Publicación da **listaxe definitiva de estudantes matriculados** que están pendentes de asignación e que poderán elixir preferencia na asignación de TFG. Esta listaxe disporá os estudantes por orde de elección. A partir deste momento
 - Apertura do formulario online para que os alumnos trasladen as súas preferencias na asignación de TFGs. [Formulario on-line](#)
- **28/02/2020 ás 15:00 horas:** Remate do prazo para que os alumnos matriculados que non teñen traballo asignado trasladen as súas preferencias a través do formulario.
- **03/03/2020:** Comisión de TFGs para asignar TFGs a estudantes sen TFGs asignados de acordo coas preferencias manifestadas no proceso anterior. Aqueles alumnos que non manifesten as súas preferencias a través do procedemento sinalado no punto anterior asumen que a comisión de TFGs lle vai asignar un traballo dos dispoñibles.

TRAMITACIÓN DUNHA PRÓRROGA DE TFG

Se o profesor e un estudante acordan prorrogar un TFG iniciado un curso anterior, deberán presentar a solicitude na Administración do centro no formato previsto que figura na web da FEE. Este documento deberá estar asinado por ambas as partes.

Importante: non se pode solicitar a prórroga dun TFG que xa fose prorrogado anteriormente.

TRAMITACIÓN DUN TFG BILATERAL

Os estudantes matriculados poderanse dirixir aos profesores concretos en función dos temas que lles resulten de interese para a realización do TFG. Se existir acordo, presentarán na Administración do centro o documento previsto asinado polo titor e polo estudante. Estes TFGs non se restan da listaxe xeral de TFGs ofertados pola FEE. Unha vez aprobada a proposta de bilateral pola comisión, o profesor e estudante poden comezar a realizar o TFG.

FORMULARIO PARA MANIFESTAR AS PREFERENCIAS NA DE ELECCIÓN DE TFG

Deberán cubri-lo os estudantes matriculados na materia de TFG que non teñan un TFG bilateral ou prorrogado. Poderá cubrirse un único formulario, para o cal será preciso acceder coa conta e contrasinal da Universidade.

[Formulario on-line](#)

Data límite: 28/02/2020 ás 15:00 horas. Non se admitirá ningunha preferencia manifestada con posterioridade a esta data. Recórdase que aqueles alumnos que non manifesten as súas preferencias a través deste procedemento asumen que a comisión de TFGs lle vai asignar un traballo dos dispoñibles.